

Concurso de

# Microvídeos

**8 de marzo,  
Día Internacional da Muller  
2012**

Con motivo da celebración do **Día Internacional da Muller**, o Consello Municipal da Muller e maila Concellería de Igualdade do Concello de Vigo convocan o concurso de MICROVÍDEOS " 8 de marzo, Día Internacional da muller - 2012".

Este concurso, convócase co fin de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como para servir de canle para amosar as achegas que ao longo da historia fixeron e fan as mulleres ben de xeito individual ou colectiva.

*A Concellería de Igualdade poderá utilizar os microvídeos presentados como parte de futuras proxeccións públicas, con indicación da súa autoría.*

## Obxecto

o concurso abrangue 1 modalidade:

### MICROVÍDEO

As obras versarán sobre os dereitos das mulleres, a igualdade de oportunidades, amosar as achegas que ao longo da historia fixeron e fan as mulleres, ben de xeito individual ou colectiva, ou sobre o papel que desenvolven as mulleres tanto no ámbito público coma no privado.

*A modo de exemplo e sen que teña carácter excluínte, as obras presentadas poderán tratar algunha das seguintes temáticas:*

Recuperación das achegas das mulleres á sociedade, conciliación e distintos usos dos tempos, a corresponsabilidade doméstica, o empoderamento, emprego, saúde, cultura, educación,.....

## Requisitos

Poderán participar todas aquelas persoas físicas ou xurídicas maiores de 16 anos.

*(as/os menores de idade, no caso de seren gañadoras/es, deberán achegar autorización materna/paterna para recibir o premio).*

Cada persoa participante só poderá presentar ao concurso un único microvídeo.

Os microvídeos que se presenten deberán estar en lingua galega e non superar os 3 minutos de duración.

*Non serán admitidos ao concurso aqueles microvídeos que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou aqueles que polo seu contido sexan ofensivos, sexistas ou cuestionables por razóns éticas ou legais.*

## Aspectos técnicos dos vídeos

Os microvídeos presentados ao concurso, deberán reunir os seguintes *requisitos técnicos*:

Duración non superior a 3 minutos, o formato de presentación será exclusivamente en liña, o tamaño máximo do arquivo de vídeo será de 100Mb e soportaranse a maioría dos formatos dixitais: avi, mpg, flv, wmv, vob, mp4, mov e os de alta definición: mkv, ts e m2ts,etc.

## Premios

Primeiro premio: consistirá na entrega dun bono por importe de 500 €.

Accésit: en función da calidade dos microvídeos presentados, a organización poderá outorgar un accésit que consistirá na entrega dun bono por importe de 250 €.

*Os bonos serán para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.*

## Prazo

Do 1 ao 31 de marzo de 2012.

Os microvídeos, presentaranse unicamente a través do espazo web:

[www.igualdadevigo.org/concursovideos](http://www.igualdadevigo.org/concursovideos).

## Bases

As bases completas do concurso están a disposición das persoas interesadas na web municipal:

[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org).

Para máis información, poden chamar ao teléfono  
**986 810 284**

## Organiza



**CONCELLO  
DE VIGO**



# Día Internacional da Muller

Vigo 2012